



FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO  
Delegación de Santiago  
Avda. Nova Santos s/n (Estadio da Universidade)  
15706 Santiago de Compostela  
Teléfonos: 981192331/619847195/FAX: 981191559  
Correo electrónico: [FGAsantiago@gmail.com](mailto:FGAsantiago@gmail.com)



Concello da Pobra

## **III CROSS CONCELLO DA POBRA CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS DE CAMPO A TRAVÉS**

A Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza e o Excmo. Concello da Pobra do Caramiñal, organizan xunto coa Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago) o **DOMINGO 22 DE XANEIRO DE 2012** no circuito da Praia de Cabío da Pobra do Caramiñal, o **III CROSS CONCELLO DA POBRA** que será a súa vez **CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS DE VETERANOS**, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices e segundo o seguinte:

### **REGULAMENTO**

1. Poderán participar todos os atletas das seguintes categorías (homes e mulleres):
  - **Benxamín** atletas nados nos anos 2003 e 2004
  - **Alevín** atletas nados nos anos 2001 e 2002
  - **Infantil** atletas nados nos anos 1999 e 2000
  - **Cadete** atletas nados nos anos 1997 e 1998
  - **Xuvenil** atletas nados nos anos 1995 e 1996
  - **Junior** atletas nados nos anos 1993 e 1994
  - **Promesa** atletas nados nos anos 1990, 1991 e 1992
  - **Senior** atletas nados no ano 1989 e anteriores ata veteranos
  - **Veteranos M35/M40** atletas (homes) con idades comprendidas entre 35 e 44 anos
  - **Veteranos M45 en diante** atletas (homes) de 45 anos en diante
  - **Veteranas F35 en diante** atletas (mulleres) de 35 anos en diante
2. Poderán participar todos os atletas das citadas categorías que posúan licenza federativa no III Cross Concello da Pobra<sup>1</sup>, **máis só puntuarán no Campionato Galego de Veteranos** os que se atopen en calquera das seguintes condicións:
  - Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/2012) por algún clube de Galicia.
  - Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo, aunque pertencen a clubes doutra comunidade.
  - Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das condicións anteriores.

<sup>1</sup> Nas categorías escolares abondará con estar en posesión do seguro escolar do programa XOGADE (de benxamíns a xuvenís de primeiro ano). **No resto de categorías deberán ter licenza federativa en vigor na presente tempada.**

*\*Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

3. Para o **CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS** realizarase unha clasificación individual e outra por equipos; a clasificación por equipos farase nas seguintes categorías:

HOMES	MULLERES
- M-35 / M40 (de 35 a 44 anos) - M-45 / (+ de 45 en adiante )	- F-35 / (+ de 35 en adiante)

Para realizar a clasificación por equipos sumaranse os postos obtidos polos 3 primeiros atletas na clasificación xeral da carreira na que se participa (na proba feminina corresponderá ó posto que ocupe na clasificación xeral da proba). Resultará gañador o equipo que menos puntos obteña (en caso de empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo no cal o seu 3º atleta quedase diante)<sup>2</sup>. Cada clube terá dereito a formar un só equipo por proba e deberá realizar a inscrición como tal.

#### 4. DISTANCIAS E HORARIOS

<b>III CROSS CONCELLO DA POBRA / CAMPEONATO GALEGO DE VETERÁNS</b>			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
10:00	Cadete – Xuvenil	Homes	3475 m aprox.(1 Volta C+2 G)
10:25	Cadete – Xuvenil	Mulleres	2200 m aprox.(1 Volta C+1 G)
10:45	Alevín – Infantil	Homes	1860 m aprox.(2 Voltas C)
11:05	Alevín – Infantil	Mulleres	1480 m aprox.(1 Volta B+1 C)
11:20	Benxamín Mixto	Homes/Mulleres	700 m aprox.(1 Volta A)
11:35	Junior –Promesa –Senior– Veteranas(F35 en adiante)	Mulleres	5300 m aprox. (1 Volta B+1 C+3 G)
12:10	Veteranos (M35-M40)	Homes	7300 m aprox. (1 Volta C+5 G)
12:55	Veteranos(M45 e seguintes)	Homes	5300 m aprox. (1 Volta B+1 C+3 G)
13:30	Junior – Promesa – Senior	Homes	7300 m aprox. (1 Volta C+5 G)
14:20	<b>ENTREGA DE PREMIOS</b>		

<sup>2</sup> Os atletas poderán baixar de categoría para puntuar co seu equipo, sendo alo menos 2 os que pertencen á categoría na que se compite. Deberán indicar este feito na inscrición; en caso contrario entrarán sempre na categoría á que pertencen. Non se poderá dobrar nin se permitirán cambios o día da proba.

5. As inscricións das categorías escolares (de benxamín a cadete) e das categorías xuvenil, junior, promesa e senior, remitiranse ó correo electrónico [inscricionsFGAsantiago@gmail.com](mailto:inscricionsFGAsantiago@gmail.com) como máximo ata o **xoves 19 de xaneiro de 2012 ás 20 horas**. Deberán reflexar os seguintes datos: ***nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenzia federativa ou seguro escolar.***

Os atletas e equipos que compitan no Campionato Galego de Veteranos deberán realizar a inscrición mediante o servizo online da web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) con data límite o **martes 17 de xaneiro ás 20 horas** (teléfono de información 981 291799).

6. Os delegados oficiais dos Clubes poderán retirar na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.
7. A orde de colocación dos equipos participantes na saída realizarase por sorteo.
8. **Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da Saída da súa proba, onde deberán acreditar a súa identidade (presentación de ficha federativa, DNI ou documento acreditativo). A orde de colocación na saída dos equipos participantes no Campeonato Galego de Veteranos realizarase por sorteo.**

## 9. PREMIOS E TROFEOS

Percibirán trofeo os tres primeiros clasificados das categorías escolares (de benxamín a cadete), así como das categorías xuvenil, junior, promesa e senior, tanto en homes como en mulleres.

No **CAMPIONATO GALEGO DE VETERANOS** outorgaranse medalla os 3 primeiros clasificados a nivel individual por sexo e segundo as categorías establecidas. Tamén outorgarase trofeo ós 3 primeiros equipos clasificados de cada proba.

**Todos os atletas de categoría veterán que non desexen participar no Campionato Galego, deberán reflexalo na inscrición e serán a tódolos efectos da categoría SENIOR, onde deberán correr a carreira desta categoría (só na proba masculina, pois na feminina corren conxuntamente).**

10. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo coa normativa RFEA en vigor.

**11.** Para o Campionato Gallego de Veteranos, a responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.
- Os clubes que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a [secgeneral@fgatletismo.com](mailto:secgeneral@fgatletismo.com) sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.